

INSTRUCCIÓN PROVISIONAIS PARA O PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NOS DOUTORAMENTOS REGULADOS POLO RD. 56/2005.

A responsabilidade dos estudos de doutoramento recae en departamentos, en institutos de investigación da UDC ou, no seu caso, no órgano académico establecido no documento de aprobación do POP. Os consellos de departamento e de instituto ou, no seu caso, o órgano académico establecido no documento de aprobación do POP serán responsables da programación e da dirección destes.

Cando os estudos de doutoramento foren interdepartamentais ou implicaren distintos institutos ou institutos e departamentos, existirá un departamento responsable da coordinación e organización académica e administrativa deste, mais serán corresponsables científicos todos os departamentos implicados no programa, correspondéndolles a todos eles a fixación dos criterios de admisión de alumnos, a selección destes, o nomeamento de titores e o compromiso de dirección de teses.

Para efectos organizativos, haberá un coordinador destes estudos que será necesariamente doutor.

A Comisión de Posgrao resolverá todas as cuestións referidas a estes estudos.

A xestión académica dos estudos de doutoramento levaraa a cabo o Servizo de Organización Académica a través da Sección de Terceiro Ciclo. Previo acordo do Consello de goberno da Universidade, a Comisión de Posgrao poderá delegar a tramitación dos proxectos de tese e a xestión do proceso de lectura e defensa pública na actual Comisión de Doutoramento, quen aplicará a estes efectos a normativa vixente.

Admisión

A admisión do alumnado en estudos oficiais de doutoramento realizaraa o/s departamento/s, o/s instituto/s competente/s ou o órgano académico correspondente conforme os procedementos e criterios establecidos na proposta de POP ou de doutoramento seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade.

O calendario de preinscrición e de matrícula será aprobado polo Consello de Goberno por proposta da Vicerreitoría de Organización Académica. Para o curso 2007/2008 o calendario coincidirá co establecido pola Comisión de Doutoramento da Universidade.

Os estudantes poderán utilizar o *impreso de solicitude de admisión en programas de doutoramento* que figura no enderezo: <http://udc.es/estudos/ga/psoposgrao/formularios.asp>

No caso de que o doutoramento non estea directamente incluído nun Programa Oficial de Posgrao farase constar o título do máster realizado no espazo reservado ao título do POP. Se o acceso prodúcese a través da realización de 60 créditos ECTS de mais dun máster, farase constar esta circunstancia que deberá ser correctamente certificada.

O departamento ou, no seu caso, o órgano académico establecido no documento de aprobación do POP publicará a relación de admitidos dentro do prazo previsto no calendario, que comunicará ao interesado e á Sección de Terceiro Ciclo do Servizo de Organización Académica.

Requisitos de acceso aos estudos de doutoramento

Son os que establece a lexislación vixente. A Universidade, a través da Comisión de Posgrao e por proposta dos departamentos correspondentes ou do órgano académico establecido no documento de aprobación do POP, poderá determinar os másteres que dan acceso ao período de tese, así como os complementos de formación necesarios, de ser o caso.

Tamén poderán acceder ao doutoramento, nas mesmas condicións, os alumnos estranxeiros con estudos estruturados conforme o sistema establecido no Espazo Europeo de Educación Superior e aqueles estudantes de países que determine a Universidade, sempre que cumpran os requisitos da lexislación vixente. Os demais estudantes estranxeiros someteranse aos procesos de homologación ou equivalencia que determine a Universidade.

Matrícula no doutoramento

Unha vez admitidos nos estudos de doutoramento, os estudantes formalizarán a matrícula, mediante o pagamento das taxas legalmente establecidas, na Sección de Terceiro Ciclo do Servizo de Organización Académica, durante o período que establece a Universidade.

A matrícula deberá formalizarse durante todos os cursos mentres dure a elaboración da tese e o alumno debe aboar os prezos públicos que determine o Decreto de taxas correspondente, así como o seguro escolar ou obrigatorio.